

Cartafol

Xestionado por [Héitor Mera](#)

X. Antón L. Dobao: *Materia*

## Poesía ergueita contra a historia

*Materia*

**X. Antón L. Dobao**

*Xerais, Vigo, 2005. 84 páxs., 12* ◆

Podería ser Antón Dobao un *poeta dos oitenta* se tomamos en consideración a súa data de nacemento e a data de publicación do seu primeiro libro. Semellan ser estes os criterios para facer ás veces as historias da literatura, as antoloxías, os libros de texto. Cando un escritor no cadra ben en ningún dos compartimentos, no peor dos casos omítese a súa referencia, considerase unha excepción, sitúase a cabalo entre dúas décadas. Nin a Poesía dos oitenta foi o río estancado e podre veneciano que se nos dixo nin os *poetas dos noventa* viñeron a mudar, desenraizados, o panorama de forma tan radical. Pola marxe mais en voz alta, Dobao veu construíndo un discurso nidio que sobe á cimeira en *Materia*: comprometido, ideolóxico, combativo. Escarlata.

- 18:41 29/10/2005

Cómpre soster o libro con forza entre as mans, afrontar unha lectura seria e reflexiva, encaixar con serenidade as palabras de ferro e metralla que Dobao imprime con afouteza sobre o lenzo branco do silencio (oficial, imposto). Deterse, por exemplo, nas citas que encabezan o poemario, unidas polo achegamento a ese misterio que se dá en chamar "condición humana". Non pasar por alto o limiar que o mesmo poeta asina: anuncia o fin dunha singradura, ameaza co comezo doutra e advirte da posíbel falta de unidade da obra, integrada por poemas concibidos cada un como "unha totalidade en si mesmo". Hai anos Jauss e Iser anunciaron a morte da omnipotencia do autor e do significado da *obra*. Nós, os lectores, atopábamos o noso espazo de poder e creación, que no mellor dos casos nunca se deixara de exercer e no peor nunca se reclamara. Con todo, un le o limiar de Antón Dobao e pensa que cómpre atender ás intencións creadoras do escritor. O autor aínda ten algo que dicir ou que esconder.

Analizando *Materia* xunto aos seus poemarios anteriores (*Desde o teito da noite*, 1987; *Caderno dos dereitos e das horas*, 1994 e *O tempo entre murallas*, 1997) Dobao amosa unha certa cohesión nos seus motivos temáticos, que xiran en torno ao existencialismo, ao amor asociado á problemática da liberdade humana e á reivindicación dos dereitos dun *pobo* e dunha *terra*. Cómpre dicir con claridade o que a miúdo se censura na práctica da crítica literaria: ao fondo albíscase, e nunca se disimula, o ideario político, firme e combativo, da esquerda independentista galega. Con alento épico e heroico constrúese un exercicio literario desde e a favor dos anxeos revolucionarios: emancipación da clase traballadora, comunismo, loita contra a opresión.

Desenvólvense estes eixes de significación en planos diversos nos que conviven o espírito lírico e a intervención ideolóxica. Nos poemas amorosos apóstase pola poetización do cotiá, a miúdo construída a partir dun xogo forte de metáfora e imaxe ("como se vendimase / bago a bago camiños das túas pestanas"). A reivindicación da estirpe familiar, dos seus, alcanza todo o libro e séntese como un orgullo de clase que se estende ao conxunto do *pobo*, nomeado reiteradamente como *a tribo dos vencidos*, vítimas da derrota histórica que a maioría coñecemos. En relación estreita, reconstrúese a memoria dun espazo-tempo que se foi perdendo, o do mundo rural, exercicio que se leva a cabo a través do emprego dun material léxico riquísimo e coidado (como é norma no autor), da ollada meditativa contra a paisaxe e do recoñecemento do traballo labrego.

Ate este libro, Dobao adoitaba acomodar os materiais poéticos na claridade expresiva, no verso longo cun ritmo traballado e conseguido, e no uso frecuente da aliteración e da anáfora, recursos que provocan no texto un "ritmo de chamada" que perdura no lector e reforza a mensaxe (si, esta é unha poesía con mensaxe) que se tenta transmitir. Con todo, *Materia* presenta é un libro heteroxéneo e nel o escritor elabora tamén outras propostas formais como o verso entrecortado, a desestruturación sintáctica e a acumulación de termos que alcanza unha fermosa significatividade semántica e fonética ("a luz encarnada / conxugada con luz encarnada / é polisémica e significa / medo sono noxo zunia carraxe raxeira xuramento resignación derrota".)

No entanto, *Materia* é o soporte poético da afirmación na posibilidade de cambiar o mundo. Antón Dobao proxecta a mirada cara ao futuro, anceia, persevera, na construción dunha outra cidade para vivirmos libres. Cómpre erguer a utopía entre todos, artellar unha voz común: reclámase *pobo, terra, nación, liberdade*. O escritor amosa consciencia da violencia estrutural que exercen os poderes públicos hoxendía e perante esta estratexia de opresión reclama combate: "para mudar as normas da materia / apañar enxertos / de todas as dinamitas precisas / e rebentar as propostas / de escritores / poetas e cineastas / osmamos a violencia / lexítima / plebiscitada" (...). Guerra entre as clases.

[mércao en Andel](#)